



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Convocatoria de subvención dirixida a entidades organizadoras de festas patronais parroquiais para contratar orquestras no ano 2022.

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada na data do 20 de outubro de 2022 adoptou, entre outros, o acordo de aprobar a convocatoria de subvencións municipais para entidades organizadoras de festas patronais e populares no Concello de Sada para a contratación de orquestras, vinculada á concesión definitiva da axuda provincial PEL-CONCELLOS-OV no ano 2022, así como publicar as bases reguladoras na Base de Datos Nacional de Subvencións e das bases e o seu resguardo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web municipal, co texto que segue:

“BASES ESPECÍFICAS DO CONCELLO DE SADA POLAS QUE DEBE REXERSE A CONVOCATORIA DE AXUDAS DESTINADAS A ENTIDADES ORGANIZADORAS DE FESTAS PATRONAIS PARROQUIAIS PARA A CONTRATACIÓN DE ORQUESTRAS NO ANO 2022

MOTIVACIÓN

A Deputación da Coruña, a través do Plan de Emprego Local (PEL), continúa a apoiar os concellos da provincia, co obxectivo de acadar uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión do territorio. Estas axudas tratan de adoptar medidas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza o pleno emprego na provincia, como elemento esencial para o crecemento, a cohesión e o desenvolvemento socioeconómico.

O Plan de emprego local constitúe unha estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible da provincia, que ten como principal obxectivo fixar poboación nos concellos da provincia e contribuír a un crecemento sostible destes promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego, especialmente no ámbito rural.

No contexto socioeconómico actual, marcado pola crise ocasionada pola COVID-19, é vontade da Deputación da Coruña apoiar os concellos na reactivación de sectores afectados directamente polas medidas adoptadas para o control da pandemia como é o sector das orquestras e, en concreto, a execución de verbenas, festas populares ou eventos con actuacións de orquestras na provincia da Coruña, e contribuír ao mantemento do emprego e a xeración de recursos no sector.

As axudas enmárcanse na liña 1.3 do Plan de emprego local. Con elas a Deputación da Coruña quere apoiar preferentemente os concellos da provincia máis pequenos, concedéndolles axudas maiores en proporción á súa poboación.

O Concello de Sada é beneficiario destas axudas, por medio da Resolución de Presidencia núm. 2022/32445 publicada no BOP núm. 140, de 26 de xullo. O importe total da subvención é de 15.000 euros, que deberán destinarse a cumprir a finalidade da convocatoria.

O Concello de Sada decidiu optar pola segunda opción que recolle a base 8 da convocatoria provincial e destinar a subvención á seguinte finalidade:

Subvencionar ás comisións organizadoras de festas patronais e populares que por tradición se veñen celebrando en emprazamentos ao aire libre no termo municipal, para contratar orquestras para as ditas festas patronais e populares. Estas comisións deberán dispoñer de capacidade xurídica e fiscal de conformidade co disposto na base 4.2 das específicas desta convocatoria.

Con esta finalidade, o Concello de Sada convoca as seguintes bases específicas:

BASES ESPECÍFICAS DO CONCELLO DE SADA PARA CONVOCAR AS AXUDAS DESTINADAS A ENTIDADES ORGANIZADORAS DE FESTAS PATRONAIS PARROQUIAIS PARA A CONTRATACIÓN DE ORQUESTRAS.

A convocatoria enmárcase no programa PEL-CONCELLOS_Axudas ao sector das orquestras e verbenas, da Deputación da Coruña para o 2022.

1. OBXECTO

Esta convocatoria de subvencións culturais do Concello de Sada diríxese a entidades organizadoras de festas patronais parroquiais no termo municipal para a contratación de orquestras.

As bases reguladoras establecen o procedemento e os criterios para conceder estas axudas no ámbito do termo municipal, dentro do marco do Plan de emprego local da Deputación da Coruña e da subvención provincial PEL-Concellos_Axudas ao sector das orquestras e verbenas, da que o Concello é beneficiario.

A finalidade xeral desta convocatoria é a de contribuír á reactivación económica no sector cultural do mundo do espectáculo, así como xerar recursos económicos para manter o emprego no sector das orquestras e verbenas. De xeito complementario, foméntase a labor das entidades que organizan as festas patronais tradicionais, conservando e salvagardando unhas festas que emanan da cultura popular e que forman parte do noso patrimonio cultural inmaterial.

O período que se terá en conta para a realización das actividades subvencionables comprenderá dende o 1 de xaneiro ata o 9 de decembro de 2022.

O Concello subvencionará os proxectos presentados polas entidades e organizacións do sector cultural municipal que cumpran as condicións para seren beneficiarias, segundo as condicións que se explicarán nestas bases.

A convocatoria foi incluída como «LS 3.4» no Plan estratéxico de subvencións do Concello de Sada para o período 2020-2022, cos seguintes obxectivos específicos:

- Contribuír, en colaboración cos obxectivos da Deputación da Coruña, a promover e manter o emprego no sector das industrias culturais relacionado coas orquestras e verbenas.
- Fortalecer a capacidade de actuación das comisións organizadoras de festas patronais e populares.
- Aumentar a viabilidade e sostibilidade das propostas culturais relacionadas coa celebración dos festexos e tradicións populares

Exclusións- Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a lingua galega. Os proxectos subvencionados deberán ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega, así como tamén o será dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, carteis, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspecto vinculado, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

2. FINANCIAMENTO

Os custos derivados do presente programa financiaranse con cargo á seguinte aplicación do Orzamento municipal para o exercicio 2022:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO
3340.48000	15.000,00 €

O orzamento máximo destinado a esta convocatoria é de 15.000,00 euros. Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria no caso de existir crédito adecuado e suficiente, pero deberá producirse a través dunha aprobación previa da Deputación da Coruña, como entidade convocante, ampliando o importe da concesión definitiva a favor do Concello de Sada.

Con cargo a esta convocatoria poderá financiarse ata o 100% do custe total efectivo de cada proxecto presentado. Non haberá límite máximo de axuda por entidade solicitante. A axuda dependerá da aplicación comparativa dos criterios de valoración. O orzamento repartirase de xeito proporcional en función da puntuación obtida polas entidades beneficiarias.

3. NORMATIVA

Nesta convocatoria aplicarase a normativa recollida na base 1 das bases xerais da convocatoria da Deputación da Coruña (BOP núm. 102, do 31 de maio de 2022), das que depende esta convocatoria municipal:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.
- Ordenanza xeral de administración electrónica da Deputación da Coruña do 6 de novembro do 2015.
- Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña do 15 de setembro de 2017.
- Bases de execución do orzamento da Deputación da Coruña, vixentes no momento da concesión.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobada por Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.
- Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

De xeito complementario, para aquelas cuestións que non queden reguladas nestas bases serán de aplicación as bases xerais provinciais (BOP núm. 102). Para outras cuestións será de aplicación a Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, xa que o Concello de Sada carece dunha ordenanza de subvencións propia.

4. BENEFICIARIAS

Poderán solicitar axudas aquelas asociacións ou comisións de festas, que organicen festas patronais parroquiais ou festas populares tradicionais no Concello de Sada. O programa destas festas debe incluír a actuación de orquestras que cumpran os requisitos establecidos na base 5.

Os requisitos das entidades solicitantes para poder ser beneficiarias desta axuda son os seguintes:

- a. Ser organizadora no ano 2022 dalgunha festa patronal parroquial ou popular tradicional no Concello de Sada.
- b. Realizar a contratación de orquestras (coas características que se establecen na base 5ª) para incluír a súa actuación dentro do programa festivo, ben sexa no formato de verbena ou de sesión vermú.
- c. Ter como obxecto social a realización de actividades relacionadas directamente cos fins da subvención.
- d. Dispoñer de personalidade xurídica e capacidade de obrar acreditada mediante o correspondente NIF, outorgado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado.
- e. Carecer de ánimo de lucro.
- f. Desenvolver as súas actividades no termo municipal.
- g. Non estar pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda concedida polo Concello de Sada.
- h. Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- i. Estar ao día nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Sada. Deberán estar tamén ao día nas súas obrigas legais co persoal que lles preste servizos.

Estes requisitos están relacionados cos obxectivos municipais en materia de política social e cultural, amparados no cumprimento das competencias propias sinaladas no artigo 25.2.m) da Lei 2/1985 de 7 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como no exercicio do mandato constitucional de favorecer a participación da cidadanía na cultura (artigo 9).

5. GASTOS SUBVENCIONABLES

Nesta convocatoria, os gastos subvencionables son unicamente os de contratación de orquestras para organizar festas patronais ou tradicionais no Concello de Sada no ano 2022. A contratación deberá realizarse directamente coas empresas titulares das orquestras.

As bases provinciais definen uns requisitos que deben cumprir estas empresas titulares das orquestras que queiran contratar as entidades solicitantes desta axuda. Para ser gasto subvencionable deben cumprir os seguintes requisitos:

- A contratación, facturación e pago deberá realizarse directamente coa empresa titular da orquestra. Non serán válidos os gastos realizados a través de entidades que actúen como intermediarios.

- As empresas deberán ter o seu domicilio fiscal en Galicia.
- Deberán ter unha antigüidade mínima de 2 anos de actividade continuada, que se contará dende a data de publicación desta convocatoria no BOP da Coruña.
- Contarán como mínimo con 6 compoñentes, dos cales un mínimo de 4 deberán tocar un instrumento musical nas súas actuacións.
- A empresa deberá declarar responsablemente que como mínimo o 80% da súa actividade céntrase na organización de espectáculos e actuacións musicais en vivo.

Só serán admitidos os gastos realizados e pagados pola entidade beneficiaria entre o 01 de xaneiro e o 9 de decembro de 2022 e que teñan relación directa co proxecto presentado para o que se concede a axuda.

6. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Estas axudas xestionaranse polo procedemento de concorrencia competitiva e seguindo os principios recollidos no artigo 5 da Lei de subvencións de Galicia:

- Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade de trato e non discriminación.
- Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.
- Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos e recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

No caso de que as solicitantes percibisen outras axudas para o mesmo proxecto, deberán acreditar a súa natureza e contía. A comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza.

En ningún caso a suma dos importes das axudas concedidas no marco desta convocatoria de subvencións poderá ser tal que, de forma illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou outros entes públicos ou privados para a mesma finalidade, superen o 100% do orzamento necesario para desenvolver os proxectos subvencionados.

Segundo o art. 17.3.b) información relacionada con esta convocatoria remitirase á Base de datos nacional de subvencións (BDNS), será incluída no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e o seu extracto publicarase no BOP da Coruña. Ademais, toda a información relacionada coa xestión destas axudas será publicada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (sede.sada.gal).

7. CRITERIOS DE VALORACIÓN

O procedemento de concorrencia competitiva aplicarase de xeito que a Comisión de Valoración ordenará as solicitudes recibidas por orde de prelación, segundo a puntuación que reciban despois de aplicar os criterios de valoración desta convocatoria de axudas.

A asignación das contías farase en proporción á puntuación recibida e ao orzamento solicitado, pola orde de prelación e sen exceder os límites establecidos para esta convocatoria.

Os criterios de valoración gardan relación cos obxectivos da subvención provincial, recollidos na base 1, así como cos establecidos na liña estratéxica 3.4 do PES:

7.1. O número de orquestras contratadas (ata 35 puntos):

OBXECTIVO:			
Un maior número de orquestras contratadas contribuirá en maior medida ao obxectivo de promover e manter o número de empresas no sector das industrias culturais relacionado coas orquestras e verbenas			
CRITERIOS	INDICADORES	PUNTUACIÓN 35 máx.	ACREDITACIÓN DOCUMENTAL
<p>Cráterios por razón de: VOLUME EFICACIA</p>	Número de orquestras contratadas	<p>1 orquestra - 5 pts 2 orquestras - 10 pts 3 orquestras - 15 pts 4 orquestras - 20 pts 5 orquestras - 25 pts 6 orquestras - 30 pts >6 orquestras - 35 pts</p>	<p>Demostrarase a través da presentación dun dossier en pdf con información clara e contrastable para comprobar a realización das festas, incluíndo:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Imaxes dos carteis de difusión. • Imaxes/vídeos da celebración das actividades. • Ligazóns ás comunicacións en web/RRSS/prensa/vídeos relacionadas coas actuacións programadas.

7.2. O número de compoñentes que suma o conxunto de orquestras contratadas (ata 35 puntos).

OBXECTIVO:			
Un maior número de compoñentes totais contribuirá en maior medida ao obxectivo de promover e manter o número de persoas contratadas no sector das industrias culturais, relacionado coas orquestras e verbenas			
CRITERIOS	INDICADORES	PUNTUACIÓN 35 máx.	ACREDITACIÓN DOCUMENTAL
<p>Cráterios por razón de: VOLUME EFICIENCIA</p>	Número total de compoñentes que suman as orquestras contratadas	<p>Gradación mediante fórmula: $n * 35 / N$</p> <p>Onde: [n]= núm. de compoñentes das orquestras contratadas pola entidade solicitante [N]= núm. de compoñentes da solicitude recibida que presente o maior núm. total de compoñentes</p>	Demostrarase a través da presentación dunha declaración responsable da empresa titular da orquestra (ANEXO IV)

7.3. O grado de autofinanciamento da entidade solicitante (ata 30 puntos).

OBXECTIVO:			
Recoñecer positivamente o esforzo de autonomía e autofinanciamento por parte das entidades solicitantes contribuirá a fomentar a consecución do obxectivo de fortalecer a capacidade de actuación das comisións organizadoras de festas patronais e tradicionais e o de favorecer a viabilidade das mesmas			
CRITERIOS	INDICADORES	PUNTUACIÓN 30 máx.	ACREDITACIÓN DOCUMENTAL
<p>Cráterios por razón de: EFICIENCIA PARTICIPACIÓN SOSTIBILIDADE</p>	Índice de relación entre o gasto total en contratación de orquestras en cada proxecto e o importe de axuda solicitado	<p>Fórmula: $A * 100 / C$</p> <p>Onde: [A]= importe da axuda solicitada [C]= custo total da contratación de orquestras</p> <p>Gradación: $\leq 10\%$ - 5 pts $> 10\%$ ata 20% - 10 pts $> 20\%$ ata 30% - 15 pts $> 30\%$ ata 40% - 20 pts $> 40\%$ ata 50% - 25 pts $> 50\%$ - 30 pts</p>	<p>Demostrarase a través da presentación dun dossier en pdf con información clara e contrastable para comprobar a realización das actividades, incluíndo todos os conceptos posibles dos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Imaxes dos cartaces de difusión. • Imaxes/vídeos da celebración das actividades. • Ligazóns ás comunicacións en web/RRSS/prensa/vídeos relacionadas coas actividades presentadas. • Contidos do programa didáctico • Resgardos bancarios das cotas de inscrición de participantes. <p>Facturas relacionadas coa organización das actividades</p>

8. FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZOS

As solicitudes presentaranse unicamente por medios electrónicos a través do formulario de solicitude normalizado que se atopará na sede electrónica municipal (sede.sada.gal), dentro da familia de procedementos de «Subvencións, axudas e premios».

Os anexos necesarios para completar a solicitude desta axuda estarán dispoñibles para descarga na páxina web municipal (www.sada.gal), xunto co resto de información relacionada coa convocatoria.

Para presentar a solicitude poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica do Concello de Sada.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados tamén electronicamente, accedendo á familia de procedementos de «Subvencións, axudas e premios» na sede.sada.gal.

O prazo de presentación de solicitudes será de 1 mes e abrirase a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña. Entenderase que o prazo finaliza no día do mesmo ordinal que o día da publicación do extracto. Se ese día fose inhábil, prorrogarase ao primeiro día hábil seguinte. No caso de que no mes en cuestión non houber día equivalente ao día de inicio do cómputo, entenderase que o prazo remata no último día do mes.

Cando o órgano instructor reciba algunha solicitude incompleta, incorrectamente cuberta, con falta de información necesaria ou sen a documentación que debe acompañar a solicitude, requirirá as entidades solicitantes para que emenden os defectos atopados, dando un prazo de 10 días hábiles que contará dende o día seguinte ao da notificación do requirimento (artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). Se a entidade requirida non respondese ao requirimento de emenda, entenderase que desiste da súa solicitude.

9. DOCUMENTACIÓN NECESARIA

Fase de solicitude:

- a. Formato normalizado de solicitude, que se atopará no procedemento «Subvencións, axudas e premios Solicitude de subvencións municipais», na sede.sada.gal.
- b. ANEXO I de memoria de actividades para as que se solicita a axuda, relacionando as orquestras contratadas, a data e horario, a festa na que participaron, o número de compoñentes e o custo da contratación.
- c. ANEXO II de declaracións responsables que inclúe o certificado do acordo da entidade para solicitar a axuda.
- d. Documento que acredite a representación da entidade por parte da persoa que presenta a solicitude.
- e. Anexo III de memoria económica do proxecto, detallando o número das facturas, a data de emisión, a empresa contratada e o seu NIF, o importe do contrato, a data de pago e o seu medio de xustificación.
- f. Nos casos en que o prazo da solicitude suceda antes da data de celebración das festas, será necesario presentar o ANEXO III cos datos dispoñibles nese momento. Unha vez que a entidade pague as facturas de contratación das orquestras deberá presentar novamente o ANEXO III completando todos os campos.
- g. Material gráfico que permita valorar o programa e contidos das festas patronais ou populares relacionadas coa solicitude de axuda. As entidades solicitantes poderán aportar un dossier con carteis, programas festivos, recortes de prensa, publicacións en web ou en redes sociais, etc., onde sexa posible comprobar a programación das orquestras que son obxecto desta convocatoria de axudas.

10. COMPROBACIÓN DE DATOS

Na tramitación desta convocatoria o órgano instrutor poderá consultar automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración ou elaborados polas administracións públicas, agás que as persoas interesadas se opoñan á consulta:

- DNI ou NIE da persoa representante.
- NIF da entidade solicitante.
- Certificado de estar ao corrente nos pagamentos coa AEAT (Hacienda), coa Seguridade Social e coa facenda municipal.
- Consulta doutras subvencións e axudas recibidas.

Se as entidades ou persoas solicitantes desexan opoñerse a estas consultas, deberán indicalo «deixando sen riscar» o recadro da autorización, habilitado no formulario de solicitude da sede electrónica.

No caso de que algunha circunstancia imposibilitase a consulta dos datos mencionados, poderá solicitarse a presentación dos documentos necesarios ás persoas interesadas.

As entidades solicitantes deberán aportar en todo caso o certificado de estar ao corrente de pagamentos e tributos coa Facenda Galega (ATRIGA), xa que non é posible a comprobación automática dese dato.

11. INSTRUCIÓN DO PROCEDEMENTO

O departamento de Cultura será o órgano que instruirá os expedientes e comprobará que se cumpran os requisitos esixidos. Deberá elaborar un informe para comunicar o resultado da comprobación dos documentos recibidos. Tamén incluírá o resultado de aplicar os criterios automáticos de valoración descritos na base 7, xa que o carácter obxectivo dos criterios de valoración permitirá prescindir da figura da Comisión de Valoración.

Co resultado do informe, a Concellería de Cultura formulará a proposta de resolución, debidamente motivada, describindo a listaxe de solicitudes subvencionadas, o importe correspondente a cada unha e as posibles solicitudes denegadas.

12. RESOLUCIÓN

Provisional

Establécese un prazo máximo de 6 meses dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria para a súa resolución. No caso de que transcorra o dito prazo sen que se notifique a resolución, as entidades solicitantes poderán entender que a súa solicitude foi desestimada por silencio administrativo.

Unha vez presentada a proposta de resolución por parte do órgano instrutor, o prazo para resolver provisionalmente será de 15 días. A resolución recollerá a listaxe de beneficiarias cos importes de axuda correspondentes a cada unha, así como as posibles solicitudes denegadas, coa motivación correspondente.

A resolución provisional notificarase electronicamente ás entidades interesadas. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse como rexeitadas cando transcorra o prazo de 10 días naturais, contados dende a data de posta a disposición da notificación, sen que se acceda ao seu contido (artigo 43.2 da Lei 9/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

As entidades beneficiarias disporán dun prazo de 10 días hábiles (a contar dende o día seguinte ao de notificación da resolución provisional) para comunicar por escrito a súa aceptación ou o seu rexeitamento. De non comunicar nada no dito prazo entenderase como aceptada. Este prazo terá a consideración de trámite de audiencia, aos efectos do sinalado no artigo 82 da Lei 9/2015.

No caso de que a axuda concedida sexa inferior ao importe solicitado, as beneficiarias poderán comunicar tamén a adaptación da memoria da actividade e presentar unha nova memoria económica (ANEXO III).

Definitiva

A Alcaldía resolverá definitivamente a listaxe de beneficiarias e os importes de axuda definitivos, motivando a aceptación ou rexeitamento das posibles alegacións recibidas. A resolución incluírá a relación de solicitudes denegadas e o motivo do seu rexeitamento.

Esta resolución definitiva porá fin á vía administrativa e contra ela as interesadas poderán interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo de que poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición contra o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución definitiva.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do contencioso-administrativo de A Coruña no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución definitiva. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata a súa resolución, expresa ou por silencio administrativo.

13. NOTIFICACIÓNS

De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica do Concello de Sada e a través do Sistema de Notificacións de Galicia, (notifica.xunta.gal). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións a través da conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

14. PAGAMENTO

Como norma xeral o pagamento das axudas farase a partir da resolución definitiva de concesión de axudas, pero sempre e cando as beneficiarias xustifiquen correctamente os gastos realizados para executar os proxectos subvencionados, consonte o artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e consonte as condicións reguladas nestas bases.

15. XUSTIFICACIÓN

Documentación de xustificación de gastos:

- a) Conta xustificativa (ANEXO IV) definitiva, contendo a relación de gastos, identificación dos provedores co seu NIF, número e data das facturas, importes, datas de pagamento e medio de pago utilizado.
- b) Dossier ou documentación que demostre o posible uso da lingua galega na difusión das actividades realizadas pola asociación en galego, incluíndo carteis, programas de man, noticias de prensa e/ou relación de enlaces web que remitan ás redes sociais da entidade.
- c) Certificado de situación censual da empresa titular das orquestras contratadas, para poder comprobar que as empresas titulares das orquestras contratadas estean de alta na actividade económica correspondente aos bens ou servizos que prové, así como o requisito de ter unha antigüidade mínima de 2 anos de exercicio continuado na actividade, a contar dende a data de publicación da convocatoria no BOP da Coruña.
- d) Declaración responsable de cada unha das empresas titulares das orquestras contratadas na que declaren:
 - a. O número de compoñentes da orquestra e a súa función como músicos ou como vocalistas.
 - b. Que polo menos o 80% da súa actividade céntrase na organización de espectáculos e actuacións musicais ao vivo.
- e) Xustificantes do gasto: achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. Os documentos citados deberá estar emitidos a nome da beneficiaria da axuda.

- f) Xustificantes de pagamento: as facturas ou documentos xustificativos que se presenten deben estar efectivamente pagados. Para acreditar o pagamento deberá achegarse a seguinte documentación xustificativa segundo corresponda:
- Pagamento por transferencia: resguardo da entidade financeira da orde de transferencia realizada.
 - Pagamento por domiciliación bancaria: resguardo da entidade financeira do débito na conta da entidade beneficiaria.
 - Pagamento por cheque: copia do cheque emitido a nome do provedor.
 - Pagamento en metálico: xustificación válida, unicamente, para facturas con importes inferiores a 150€. Neste caso poderá presentarse factura acompañada do ticket de compra asinada e selada polo provedor ou, alternativamente, documento “recibín” do provedor, cos seus datos e firma, no que se faga constar a identificación da factura e o seu importe.
 - No caso de gastos de persoal: deberase presentar a xustificación do pagamento das cotizacións á Seguridade Social, a xustificación do pagamento das retencións por IRPF e a xustificación de pagamento da nómina a través de calquera das formas reguladas nos apartados anteriores.
 - Certificado de estar ao corrente de pagamentos e tributos coa Facenda Galega (ATRIGA).

Outras consideracións:

- Calquera outra forma de xustificar o pagamento distinta ás relacionadas deberá ser obxecto de consulta á Intervención municipal para os efectos de determinar a súa validez e suficiencia.
- Considérase gasto realizado aquel que foi efectivamente pagado con anterioridade ao remate do período de xustificación determinado polas bases reguladoras da subvención (9 de decembro).
- A entidade beneficiaria deberá someterse aos procedementos de control ou auditoría que se establezan pola Intervención municipal, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras. Como resultado de ditos procedementos, poderá esixirse responsabilidade administrativa, consonte ao previsto na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e, de ser o caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código Penal.

16. OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS

Serán obrigas das entidades beneficiarias:

- Realizar ou ter realizado as actividades que fundamenten a concesión da subvención conforme ao proxecto presentado e acreditar a súa realización no prazo establecido.
- Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que realicen.
- Comunicar ao Concello a presentación dos proxectos a outras convocatorias de subvencións de calquera entidade pública ou privada. O incumprimento desta obriga poderá dar lugar á esixencia das responsabilidades recollidas na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, incluíndo o reintegro de parte ou da totalidade da subvención en caso de que esta xa fose percibida.
- Colaborar nas actuacións de comprobación do Concello para esclarecer a efectiva realización das actividades para as que se outorga a subvención. Facilitar a información que poida requirir o Concello nas actuacións de control que sexan necesarias.
- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello, situación que será comprobada de oficio.
- Cumprir as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18.3 e 18.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificada polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

17. PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN

Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución definitiva, das obrigas recollidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no art. 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que suporá a obriga de devolver total ou parcialmente o anticipo percibido, así como os xuros de demora correspondentes.

O dereito ao cobro da axuda concedida perderase, coa apertura dun expediente sancionador, nos seguintes casos:

- Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas.
- Non comunicar ao Concello de Sada a obtención doutras subvencións ou axudas para os mesmos conceptos subvencionados nesta convocatoria.

- Non comunicar ao Concello de Sada modificacións nas circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención.
- Non xustificar os requisitos e as condicións da subvención, así como a realización da actividade.
- Non cumprir o obxectivo, a finalidade ou o comportamento singular que se relacionan coa concesión desta axuda.
- Non permitir as actuacións de comprobación que precise o Concello de Sada, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Municipal, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, para achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Non dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente comprobados, nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso.
- Non acreditar estar ao día nas obrigas fiscais, coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma”.

Sada, 20 de outubro de 2022.

O alcalde,

Óscar Benito Portela Fernández

2022/6580